


# X FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE ÓRGANO DO CORPUS CHRISTI



Luns 27 de maio 2024  
20:45 h  
Catedral de Santa María

**Eugenio Maria Fagiani**, órgano  
**Orfeón Lucense**  
Marcos Mosquera, director

Xoves 30 de maio 2024  
20:45 h  
Catedral de Santa María

**Felipe López**, órgano  
**Solo Voces**  
Fernando G. Jácome, director

Luns 3 de xuño 2024  
20:45 h  
Igrexa de Santiago A Nova

**Noemi Mazoy**, soprano  
**Giulio Mercati**, órgano

Martes 4 de xuño 2024  
20:45 h  
Catedral de Santa María

**Mateusz Rzewuski**, órgano  
**Fabio Ciofini**, órgano  
**Filarbrass - Cuarteto de metais da Filarmónica de Lugo**  
Carlos López González, Juan Pablo Riveros Quiroga, trompetas  
Miguel García Díaz, trombón  
Pedro Castro Gómez, trompa

Xoves 6 de xuño 2024  
20:45 h  
Igrexa de San Pedro

**Concentus Lucensis**  
**Alessandro Marangoni**, piano  
**Mattia Marelli**, armónium

**Gioachino Rossini (1792-1868)**  
Petite Messe Solennelle

# *X Festival internacional de música de órgano do Corpus Christi*

“O Festival internacional de Órgano do Corpus Christi”, ten como obxectivo principal solemnizar a festa do Corpus Christi, que se celebra en Lugo de modo singular. Nesta cidade e na súa Diocese, parte determinante do Camiño de Santiago, a fe é comprendida e profesada dende fai moitos séculos a partir do sacramento do Corpo e do Sangue de Cristo, da súa Presenza permanente entre nós. Este saber da entrega amorosa do Señor, totalmente real na Eucaristía, é seguramente a herданza primeira deixada entre nós polo Apóstolo. Na música sacra, interpretada ao órgão, resoará a beleza desta Presenza plena, percibida e expresada por artistas ao longo de séculos, e axudarásenos a introducirnos na anchura e a profundidade deste milagre singular do amor, en que se xuntan xa nesta terra Deus e o home. Pois “a música, verdadeira linguaxe universal da beleza, é capaz de unir aos homes de boa vontade e de invitalos a levantar a mirada cara ao Alto abríndose ao Ben e á Beleza absolutas, que teñen como última fonte Deus mesmo” (Benedicto XVI).

Alfonso Carrasco  
Bispo de Lugo

Luns 27 de maio 2024  
20:45 h  
Catedral de Santa María



Eugenio María Fagiani, órgano  
Orfeón Lucense  
Marcos Mosquera, director

**Johann Sebastian Bach (1685-1750)**

Fantasia, BWV 572

*Para órgano*

**Felix Mendelssohn (1809-1847)**

Allein Gott In der Höh sei Ehr

**Niels Wilhelm Gade (1817-1890)**

Morgengesang

**Padre Davide da Bergamo (1791-1863)**

Elevazione con tromba obbligata

*Para órgano*

**Johannes Brahms (1833-1897)**

Geistliches Lied

**Giacomo Puccini (1858-1924)**

Requiem

Viola: Nuria Fernández Álvarez

**Giovanni Morandi (1777-1856)**

Offertorio in fa minore

*Para órgano*

**Jouzas Naujalis (1869-1934)**

In monte oliveti

**Jose Castiñeira Pardo (1928-1989)**

Magnificat

**Urmas Sisask (1960-2022)**

Heliseb väljadel

Soprano: Sara Nebra

**Marco Enrico Bossi (1861-1925)**

- Intermezzo lírico

- Scherzo (da "Sinfonia Tematica")

*Para órgano*

**Camille Saint-Saëns (1835-1921)**

Tollite Hostias

Flauta: Abraham Sánchez Pujante

Clarinete: Lupe Enríquez Parga



# Eugenio Maria Fagiani

---

## órgano

Exhibese regularmente en toda Europa, Israel, Rusia, Bielorrusia, Estados Unidos e Canadá nos instrumentos más prestixiosos. É invitado con regularidade a manter conferencias e masterclass sexa de interpretación que de improvisación en prestixiosas institucións musicais europeas e norteamericanas, como no Conservatorio de Minsk (Bielorrusia) e os cursos do ISAM en Ochsenhausen (Alemaña). Forma parte do xurado en algúns dos máis importantes concursos internacionais. Dende o 2008 é organista adxunto do Santuario Franciscano de Verna, (Arezzo). Dende o 2010 colabora como organista coa Orchestra Sinfonica di Milano “G. Verdi” (coa que gravou en numerosas ocasións para Radio Tre Rai e para Decca). Como compositor a súa producción organística é de consolidada importancia a nivel internacional e testemuñada por virtuosos de gran fama: Stephen Tharp e David Briggs. É tamén autor dunha famosa serie de transcricións organísticas. É tamén Director Artístico do Festival Internazionale di Musica d’Organo do Santuario della Verna, do Festival Organistico “S. Donato” que ten lugar no espléndido órgano Luca da Cortona (1534-36) da Catedral de Arezzo, dende o 2016 é Artistic Advisor da Terra Sancta Organ Festival, organizado pola Custodia da Terra Santa. Grava coas casas discográficas Decca (Reino Unido), Spektral Records (Alemaña) e VDE - Gallo (Suiza). [www.eugeniomariafagiani.com](http://www.eugeniomariafagiani.com)



# Orfeón Lucense

---

## grupo vocal

Sobre as raíces do coro que instituíu Xoán Montes co mesmo nome o 15 de maio de 1879, o Orfeón Lucense, tal como o coñecemos hoxe, foi fundado en 1982 polo mestre de capela da Catedral de Lugo Xosé Castiñeira Pardo, senlleiro compositor e animador musical de da cidade. No ronsel do seu fundador, o Orfeón Lucense foi desde aquela data destacado protagonista nas diferentes actividades musicais que teñen como centro a Catedral de Lugo.

Dado o espírito que alentou a creación do Orfeón –procurar voces que animaran co canto as diferentes celebracións litúrxicas– e tendo en conta a condición de coro titular da Catedral, o repertorio das súas interpretacións é prioritariamente sacro, sen que iso exclúa a presenza puntual doutrios repertorios en actividades culturais de diversa índole con motivo de citas festivas e solidarias. Así, as prazas e rúas de Lugo gardan ecos das súas voces en concertos itinerantes de paxoliñas ou pezas populares no *Día das Letras Galegas*.

Fóra de Lugo, o Orfeón ten actuado noutrós templos e centros culturais da xeografía española e portuguesa. Nos últimos años, é fiel á cita do *Festival Internacional de*

*Órgano da Cidade*, incluído dentro da rede de festivais internacionais de música sacra denominada “A música do Peregrino” –festivais que teñen lugar en distintas ciudades de Italia, Suíza e España. Dos últimos anos é tamén a súa participación na *Noite Coral Lucense*, que comparte con outras corais de Lugo en senllos templos lucenses antes de rematar cunha actuación conxunta de varios coros dentro da Catedral.

### **Marcos Manuel Fernández Mosquera**

En Oviedo, lugar do seu nacemento, toma contacto coa música como neno cantor da *Escolanía del Cristo de las Cadenas*. Entra no Orfeón Lucense en 1992 tras o seu traslado a Lugo e, animado polo director deses anos, Nemesio Gutiérrez, realiza estudos de canto lírico no Conservatorio Profesional de Música de Lugo. No ano 2012, sucede a Xesús Mato na dirección do Orfeón Lucense. Actualmente compatibiliza a dirección desta coral coa participación como cantor en outras corais –*Concentus Lucensis* e *Sólo Voces*– ao mesmo tempo que continúa a súa formación musical coa soprano galega Carme Subrido.



Xoves 30 de maio 2024  
20:45 h  
Catedral de Santa María



Felipe López, órgano  
**Solo Voces**  
Fernando G. Jácome, director

**Dietrich Buxtehude (1637-1707)**

Preludio en do maior, BuxWV 137  
*Para órgano*

**Grzegorz Gerwazy Gorczycki (1665 ca.-1734)**

Omni die dic Mariae

**Esteban Salas (1725-1803)**

Ave maris stella

**Esteban Salas (1725-1803)**

Salve Regina

**Johann Sebastian Bach (1685-1750)**

Tres preludios corales sobre "Wer nur den lieben Gott lass walten"  
– Choral  
– Preludio-coral colección Kirnberger, BWV 691  
– Preludio-coral colección Kirnberger, BWV 690  
– Preludio-coral colección Orgelbüchlein, BWV 642  
*Para órgano*

**Vittoria Aleotti (1575 ca.-1640 ca.)**

Se del tuo corpo (primeira parte)  
Però Signor che vedi (segunda parte)

**Tomás de Torrejón y Velasco (1644-1728)**

Ave verum

**Johann Sebastian Bach (1685-1750)**

Preludio e fuga en sol maior, BWV 541  
*Para órgano*

**Joseph Rheinberger (1839-1901)**

Abendlied

**Ola Gjeilo (n. 1973)**

Ubi caritas

**Josu Elberdin (n. 1976)**

Beata es, Virgo María

**Max Reger (1873-1916)**

Intermezzo, op. 59/3  
Toccata, op. 59/5  
*Para órgano*

**Karl Jenkins (n. 1944)**

Exsultate iubilate  
Cantate Domino



# Felipe López

## órgano

Felipe López é organista titular da Real Igrexa de San Ginés, e do gran órgano Merklin do Santuario da nosa Señora do Perpetuo Socorro desde 1995. É asesor técnico para o Plan de Recuperación de Órganos Históricos da Comunidade de Madrid desde 1998.

Ao longo da súa carreira, participou en diversos foros musicais como os do Instituto Cervantes de Roma, Musikverein Stuttgart-Zuffenhausen (Alemaña), Ciclo de Órganos de Valladolid, Festival de Outono, Festival de Santander, e Festival de Arte Sacra de Madrid; International Festival of Contemporain Music Varsovia, Concertos para Mozos da Fundación Juan March, Els Orgues de Catalunya, así como en numerosos ciclos organizados por Radio Clásica, entre eles, no IV Ciclo de Música Española para Órgano e Música para Órgano do século XX. Foi colaborador durante dúas décadas da Orquestra Sinfónica e Coro de Radiotelevisión Española e da Orquestra Nacional de España.

En 1984 obtén o Premio Nacional do Disco do Ministerio de Cultura. É autor de varias producións musicais centradas na recuperación do repertorio do século XIX español, ten no seu haber reestreas de música do século XX de autores vivos, como Luis de Pablo, Kaija Saariaho, Adolfo Núñez, Mau-

rio Sotelo, Helmut Lachemann etc. Ten rexistrados discos para os selos EMI-Hispavox, RTVE-Música e DECCA, así como numerosas gravacións para Radio Clásica, Televisión Española, Radio Berlin e a Süd-deutscher Rundfunk-1 (SDR).

Nacido en Madrid, graduouse como Profesor Superior en Piano, Musicoloxía e Órgano, no Real Conservatorio Superior de Madrid e no Conservatorio Superior Municipal de Barcelona, conseguindo os Premios de Honra Fin de Carrera en Piano e Órgano ao finalizar os estudos. Asiste a cursos internacionais de interpretación cos mestres André Isoir e Lionell Rogg e Marie-Claire Alain, en París. Paralelamente segue cursos con Jacques Ogg e Kenneth Gilbert. Entre 1989 e 1994 residiu en Alemaña, realizando estudos de perfeccionamento cos mestres Ludger Lohmann e Jon Laukvik, en Órgano, e Música de Cámara, Improvisación e Dirección de Orquestra, na Musikhochschule de Stuttgart. Entre 1992 e 1994, ocupou o posto de Organista-Kantor na Ev. Johanneskirche de Stuttgart-Zuffenhausen.

Ademais da súa dedicación como solista, é promotor e director do conxunto Anima Mysica Consort. É titulado en Historia pola UNED e posúe dous Másteres de especialización



# Solo Voces

## grupo vocal

Foi fundado en Lugo no ano 1992 polo seu actual director, Fernando Gómez Jácome, coa idea de facer repertorio a capela por un lado de arranxos de música moderna e por outro da interpretación da música antiga. Co tempo converteuse nun coro de cámara que lle permitiu acceder a outro tipo de repertorio, especializándose na recuperación da música vocal galega, tanto a capela como colaborando coas principais orquestras galegas: Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Filharmonía de Galicia, Orquestra Vigo 430, e outras formacións como a Orquestra clásica de Xove ou o Orpheon Consort de Viena e instrumentistas como os organistas Juan de la Rubia, Arturo Barba, Inge Beck, Ulrike Northoff, Gabriele Giacomelli e Giulio Mercati. Tamén ten investigado e realizado en concertos repertorios dos arquivos de música da Catedral de Lugo e do Seminario Diocesano de Lugo, esencialmente de músicos locais como Xoán Montes e Juan Antonio Moreno Fuentes. Ten participado en Festivais de Música como o IX Certame de Música Sacra de Ourense, diversas edicións da Semana de música do Corpus lucense e do Festival de Órgano do Corpus Christi de Lugo, VII Bienal de polifonía regional autóctona (Cangas de Onís), II e VI Ciclo de Música Sacra de

São Pedro de Rates (Portugal), Temporada de Música Antiga no Douro en Lamego (Portugal). Tamén destaca a participación no II Festival de música de Compostela e os seus camiños Via Stellae e no Ciclo de música vocal de Espazos Sonoros, que o consolida como unha agrupación de peso no panorama musical galego.

**Fernando Gómez Jácome** iniciouse na música con Xosé Castiñeira á idade de 14 anos. Aínda que a súa formación musical é basicamente autodidacta formouse en dirección coral con mestres nacionais e internacionais como Manel Cabero, Javier Bustos, Julio Domínguez, Carl Högset ou Fernando Eldoro, e en técnica vocal con Antón de Santiago, Montserrat Pueyo, Kevin Smith, entre outros. Ten impartido seminarios, cursos e obradoiros de música coral na Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e para outras institucións. Nos últimos anos forma parte do equipo docente do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. No 1992 fundou o grupo vocal Solo Voces e na actualidade dirixe varias formacións corais na cidade de Lugo.

W.M.  
ODDIE

W.M. ODDIE

Luns 3 de xuño 2024

20:45 h

Igrexa de Santiago A Nova

>>

Noemi Mazoy, soprano

Giulio Mercati, órgano

**Johann Sebastian Bach (1685-1750)**

Preludio e fuga en do maior, BWV 531

*Para órgano*

**Antonio Vivaldi (1678-1741)**

Domine Deus

**Georg Friedrich Händel (1685-1759)**

Dank sei dir, Herr

**Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)**

Ave verum corpus, K 618

**Robert Schumann (1810-1856)**

Tota pulchra

**Felix Mendelssohn (1809-1847)**

Sonata II en do menor, op. 65 n. 2

Grave, Adagio, Allegro maestoso e vivace, Allegro moderato

*Para órgano*

**Gioachino Rossini (1792-1868)**

O salutaris Hostia

**César Franck (1822-1880)**

Panis angelicus

**Léon Boëllmann (1862 - 1897)**

O salutaris Hostia

**Max Reger (1873-1916)**

Maria Wiegenlied

**César Franck (1822-1890)**

Final, op. 21

*Para órgano*



# Noemí Mazoy

---

## soprano

Noemí Mazoy nace en Lugo, cantante e actriz. Estudia na RESAD (Real Escola Superior de Arte Dramático de Madrid) canto coa profesora Emelina Castelló, ballet clásico, tradicional, claqué, jazz e contemporáneo en María de Ávila, Karen Taft, Yoselín Alizar entre outros. Imparte clases nas escolas de teatro musical "Memory" e "Amarand" de Madrid. Actualmente interpreta a Dolores no musical El tiempo entre costuras que despois da súa xira por España agora se atopa en Madrid. Musicais: Godspell (Robin), Estamos en el aire (locutora), Peter Pan (narradora, Tootles), Jeckyll & Hyde (Lady Beaconsfield), Annie (Grace), El fantasma de la ópera (cover Cristin), Víctor Victoria (Norma Cassidy), El diario de Ana Frank (Margot, cover señora de Van Dam), Sonrisas y lágrimas (Madre abadesa, María), El médico el musical (Agnes), La historia interminable (Vetusta Morla). Zarzuelas: Non chores Sabeliña, Los Gavilanes, Gigantes y cabezudos, La corte del Faraón, La verbena de la Paloma, Luisa Fernanda, La taberna del Puerto, Doña Francisquita, Las de Cain. Ópera: Mimí de La Boheme, la sacerdotisa de Aida.

Con producións propias, leva a cabo concertos e espectáculos obtendo premios e reconocementos ó seu labor, Lucense del Año 2000, Asociación de Radio e Televisión de Lugo, Novos intérpretes 2000, Asociación Lírica Teresa Berganza, Novos Valores, Premio de Música do Orfeón Lucense, Amigos de la Ópera Madrid 2002, Mejor actriz de reparto organización amigos de los musicales, Broadway World, Premio Fundación Concepción Arenal 2016 entre outros.

Na súa discografía destan participacións en Non chores Sabeliña, En un salón de La Habana, Axivil Criollo, Jeckyll & Hyde, Annie, El diario de Ana Frank, Sonrisas y lágrimas.



# Giulio Mercati

---

## órgano

Nacido en Saronno (Italia), empezou a estudar música aos seis anos co seu avó materno, o mestre Lamberto Torrebruno, membro dunha importante familia de músicos, e posteriormente perfeccionou os seus estudos de órgano, composición e clave con músicos de renome. Como solista de órgano ou clave, actuou en máis de vinte países de todo o mundo, tocando nalgunhas das salas de concertos e catedrais más prestixiosas, desde a Gran Sala da Filarmónica de San Petersburgo á Igrexa de San Salvador de Xerusalén, desde a Catedral de San Patricio de Nova York á Basílica da Anunciación de Nazaret. Tamén traballa activamente como continuista e teclista en varios conxuntos importantes, incluída a Orquestra da Suíza Italiana, traballando con directores como Alain Lombard, Vladimir Ashkenazy, Juraj Valčuha, Robert Trevino, Alexander Veder-nikov, Heinz Holliger, Hubert Soudant, Howard Griffiths, Markus Poschner, Timothy Brock e moitos outros. Foi acompañado por prestixiosos conxuntos na interpretación de concertos para órgano e orquestra –desde Haendel e Haydn ata Hindemith, Barber e

Poulenc– actuando frecuentemente tamén como director. É organista titular de la Iglesia de S. Maria degli Angioli de Lugano (Suíza) e responsable de música sacra das seis igrexas da Comunidade Pastoral de Saronno (Italia); é fundador e director do Gruppo vocale San Bernardo e cofundador do Concentus Lucensis, conxunto vocal e instrumental con sede na Catedral de Lugo (Galicia, España). Gravou para RTSI, Bottega Discantica, Tactus e Dynamic-Naxos. É compositor activo, especialmente nos campos organístico e coral. En setembro de 2019 foi publicado un disco integralmente dedicado ás súas obras, editado por Tactus e intitulado *Giulio Mercati: Interrogatorio a María - Opere sacre*, disponible nas principais plataformas (Amazon, Itunes, Spotify etcétera). En 1996 licencouse con honras en Filosofía na Università Cattolica do Sacro Cuore de Milán. É director artístico de prestixiosos festivais, en Italia, Suíza e España. É profesor de Historia da Música Sacra na Facultade de Teoloxía de Lugano. É responsable dos eventos musicais da Diocese de Lugo (España). [www.giuliomercati.it](http://www.giuliomercati.it)



Martes 4 de xuño 2024  
20:45 h  
Catedral de Santa María

>>

**Mateusz Rzewuski**, órgano  
**Fabio Ciofini**, órgano  
**Filarbrass - Cuarteto de metais da Filarmónica de Lugo**  
Carlos López González, Juan Pablo Riveros Quiroga, trompetas  
Miguel García Díaz, trombón  
Pedro Castro Gómez, trompa

**Giovanni Gabrieli (1553-1612)**

Canzon noni toni a 12, Ch 183

**Antonio Vivaldi (1678-1741)**

Concerto a due cori en la mayor, RV 585

Allegro, Adagio, Allegro

*Para dous órganos*

**Henry Purcell (1658-1695)**

Marcha e Canzona de Queen Mary

*Para cuarteto de metais*

**Giovanni Gabrieli (1553-1612)**

Canzon in echo a 12, Ch 192

**Antonio Vivaldi (1678-1741)**

Concerto en do mayor, RV 537

Allegro, Largo, Allegro

*Para dous órganos*

**Giovanni Gabrieli (1553-1612)**

Canzon a 12, Ch 209

**Giovanni Gabrieli (1553-1612)**

Sonata Octavi Toni, Ch 184

**Antonio Vivaldi (1678-1741)**

Concerto en re menor, RV 541

Allegro, Grave, Allegro

*Para dous órganos*

**Johann Sebastian Bach (1685-1750)**

Capricho, BWV 992 (Fuga)

*Para cuarteto de metais*

**Giovanni Gabrieli (1553-1612)**

Canzon septimi et octavi toni a 12, Ch 182



# Fabio Ciofini

## órgano

Estudou órgão, piano e fortepiano no Conservatorio de Perugia, respectivamente con W. Van de Pol, M. F. Spaventi e C. Veneri e clavicémbalo na Scuola di Musica di Fiesole con A. Fedi. Continuou os seus estudos de órgão no Conservatorio de Amsterdam con J. Van Oortmerssen obtendo en 1999 o posgraduado en música barroca. En 1995 foi nomeado organista titular da Colexiata de Santa María a Maior en Collescipoli no órgão barroco W. Hermans (1678). Realiza regularmente concertos e Masterclass en Italia, Europa, Estados Unidos, Canadá e Xapón sendo invitado habitual dos Festivais de Música Antiga más importantes (Lufthansa Festival, Oude Muziek - Utrecht, Vantaa Baroque Festival, Javea - International Baroque Music Festival, California State University of Chico, Arizona State University of Phoenix e Washington State University of Seattle) master class de órgão (Oundle International Festival, Conservatorio de Pamplona, Banska Bystrica, etc). Gravou e interpretou concertos en directo para as más importantes radios nacionais europeas (BBC, ZDF, YLE, RAI, etc). As súas interpretacións de música antiga e barroca acadan importantes consensos. Fabio Ciofini é tamén activo como director e concertista. Grava para a Bottega Discantica de Milán, para a Loft Recordings de Seattle, a Brilliant

classics de Amsterdam, e Glossa de Madrid. É director da Academia Hermans, na que traballa cos más grandes solistas: o violinista Enrico Gatti, a soprano Roberta Invernizzi, o fortepianicista Bart Van Oort (co cal gravou os concertos KV 466 e 467 de W. A. Mozart para piano e orquestra, xulgado pola crítica “excepcional”, 5 estrelas na Rivista di Música, etc.). O seu último disco da obra de 4 de Corelli gravado coa Ensemble Aurora vén de gañar o Diapason d'oro e o Deutschen Schallplattenkritik. Ensina teclado histórico no Istituto Superiore di Studi Musicali G. Briccialdi de Terni. Dende o 2010 é Director Artístico da Fondazione Brunello e Federica Cucinelli (Solomeo, Perugia).



# Mateusz Rzewuski

---

## órgano

O organista polaco, Doutor en Artes Musicais, Mateusz Rzewuski é un dos intérpretes más activos da nova xeración. Realizou estudos en prestixiosas universidades musicais de catro países: en Polonia, os seus estudos de mestrado en interpretación de órgano coa máxima nota e distinción na clase do profesor Andrzej Chorosiński na Universidade de Música Fryderyk Chopin de Varsovia; en Alemaña, estudos de mestrado na Musikhochschule en Lübeck, na clase de órgano de Franz Danksagmüller; en Francia: interpretación de órgano e improvisación no Conservatoire à Rayonnement Régional de París, no marco dos estudos de concerto de posgrafo «La cycle concertiste» na clase de Christophe Mantoux, que completou co Diploma «Concertiste» en 2017; e en Suíza, os estudos de posgrafo en música antiga na Schola Cantorum Basiliensis de Basilea, na clase maxistral do mestre Wolfgang Zerer. En 2018, Mateusz Rzewuski recibiu o título de Doutor en Artes Musicais no campo de Interpretación Instrumental na sucursal de Białystok da Universidade Fryderyk Chopin de Música en Varsovia en base á súa tese de doutoramento: «The art of creation of sacre symphonic organ works based on the cycles of Symphonie-Passion op. 23 de Marcel Dupré e L'Ascension de Olivier Messiaen» e o primeiro CD gravado no órgano histórico de

Aristide Cavaillé-Coll en Orleans en Francia. O músico desenvolve unha intensa actividade artística. Ten ofrecido concertos en festivais internacionais de catro continentes: en vinte e dous países europeos, Estados Unidos de América, Australia, Nova Zelandia, Corea do Sur, Hong Kong e Rusia. Participou en numerosas clases maxistrais impartidas por Guy Bovet, Piter van Dijk, Hans Fagius, Gerhard Gnann, Olivier Latry, Ludger Lohmann, Christophe Mantoux, Michael Radulescu, Daniel Roth, Wolfgang Zerer e moitos outros. Laureado en varios concursos: en Rumia (2011), Legnica (2013), Bardo (2013 - I premio e premio especial), Vilnius (2015 - segundo premio e premio especial) e Bialystok (2017 - I premio e o premio especial). Mateusz Rzewuski foi dúas veces axudante do presidente da cidade capital de Varsovia e axudante do reitor da Universidade de Música de Varsovia. Tamén recibiu unha beca do Ministerio de Ciencia e a beca «Młoda Polska» por logros artísticos destacados do Ministerio de Cultura e Patrimonio Nacional, co propósito de cursar estudos de mestrado en Alemaña. En 2013, iniciou o Festival Internacional de Órgano e Música de Câmara en Łuków, en 2019 o Festival Internacional de Órgano e Música de Câmara en Biala Podlaska e os Concertos de Órgano e Música de Câmara en Praga-South en Varsovia, que dirixe artisticamente.



# Filarbrass

## cuarteto de metais

O cuarteto de metais Filarbrass creouse no ano 2023 en Lugo e está formado por músicos da Banda Filarmónica de Lugo.

**Miguel García Díaz** nace en Baralla no ano 2000. Comeza os seus estudos musicais de trombón co profesor Bernardo Méndez no Conservatorio Profesional de Música de Lugo, onde posteriormente se graduaria. Dentro do seu proceso de formación na actualidade forma parte da BSG, OJSG e OSCyLJ. Colaborou con diversas bandas, ca Orquesta Gaos, Oviedo Filarmónia e Orquesta Sinfónica de Galicia. Actualmente forma parte da Banda Filarmónica de Lugo e cursa o 4.<sup>º</sup> curso na especialidade de interpretación-trombón no Conservatorio Superior de Música de A Coruña.

**Pedro Castro Gómez** nace en Lugo en 1999. Estudou trompa no conservatorio Profesional de Lugo co mestre Francisco Javier Pérez Piñeiro, posteriormente recibiu clases de Javier González Borrajo o Nicolás Gómez Naval, entre outros. Tocou en programas coa Banda da Federación Galega de Bandas Populares e ca Orquesta Sinfónica de Galicia Xuvenil. Actualmente é músico da Banda Filarmónica de Lugo e da Banda dos Concellos de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol.

**Juan Pablo Riveros Quiroga**, nacido en Colombia no 2001, comeza os sus estudos musicais no Colexio INEM “Luis Lopez de Mesa” de Villavicencio (Colombia) cursou o preparatorio en música na Facultade de Artes ASAB de Bogotá na especialidade de trompeta cos mestres Fernando Rodríguez e Heraclio Mateus. Participou en programas de concerto xunto á Banda Sinfónica de Villavicencio en Colombia, Banda Filarmónica de Lugo, e tamén Orquestra Terra Nova de Lugo. Actualmente estuda no Conservatorio Profesional de Música Xoán Montés de Lugo.

**Carlos López González** nace en Lugo no ano 2000. Estudou trompeta cos mestres Adolfo Caride Rodríguez e Javier Viceiro Filgueira no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Posteriormente fixo un posgrado de especialización orquestral da Universidade de Santiago de Compostela, con Javier Simó Echarte, e tamén, un máster en Investigación musical na Universidade Internacional de Valencia. Participou en programas con orquestas como a Real Filharmonía de Galicia, a Orquesta Sinfónica da Coruña ou a Orquesta Clásica de Vigo.

Xoves 6 de xuño 2024  
20:45 h  
Igrexa de San Pedro



**Concentus Lucensis**  
*Esperanza Iglesias, Lidia Basterretxoa Vila,  
Daniela Ziegler, sopranos  
Carmen Prendes, Marina Malavasi,  
Lorena Dello Buono, contraltos  
Fernando G. Jácome, Paolo Alberti,  
Abraham Sánchez, Carlo Ghelfi, tenores  
Marcos Mosquera, Mauro Canali,  
Moreno Deservi, baixos*  
**Alessandro Marangoni**, piano  
**Mattia Marelli**, armónium  
**Giulio Mercati**, dirección

**Gioachino Rossini (1792-1868)**

Petite Messe Solennelle

**Kyrie**

**Gloria**

Gloria in excelsis Deo  
Gratias agimus tibi  
Domine Deus  
Qui tollis peccata mundi  
Quoniam tu solus sanctus  
Cum Sancto Spiritu

**Credo**

Credo in unum Deum  
Crucifixus  
Et resurrexit

**Preludio religioso**

**Sanctus**

**Benedictus**

**O salutaris hostia**

**Agnus Dei**



# Concentus Lucensis

---

## grupo vocal

O Concentus Lucensis é un grupo vocal nado dos fecundos encontros artísticos que teñen lugar durante as edicións do Festival Internacional de Órgano e do Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi de Lugo. Os seus componentes son os mestres e solistas principais do coro lucense Solo Voces, do Orfeón Lucense e do Gruppo Vocale S. Bernardo, agrupación que desenvolve a súa actividade principal entre Saronno (Italia) e Lugano (Suíza). O Concentus Lucensis canta principalmente a partes reais, é dicir, cunha soa persoa para cada parte vocal, abordando un extenso repertorio, cunha predilección particular pola polifonía renacentista.



# Alessandro Marangoni

## piano

Gañador de numerosos concursos nacionais e internacionais, Marangoni é recoñecido na escena internacional grazas a unha importante actividade concertística como solista nos principais festivais europeos e unha intensa actividade camerística con artistas como Mario Ancillotti, Enrico Dindo, Quirino Príncipe, Massimo Quarta, Claudia Koll, Francesco Manase, Paola Pitagora, Milena Vukotic e Il Nuovo Quartetto Italiano.

Nacido en 1979, graduouse en piano coas máximas cualificacións con Marco Vincenzi no Conservatorio de Alessandria. Seguiu estudos de posgrao con Maria Tipo e Pietro de Maria na Escola Musical de Fiesole. É doutor pola Universidade de Pavia, cunha tese sobre a filosofía da música de Fernando Liuzzi, como discípulo de mérito do Almo Collegio Borromeo.

En decembro de 2007 debutou xunto a Daniel Barenboim no Teatro alla Scala de Milán. Actuou na Accademia dei Santa Cecilia a Roma, o Teatro A Fenice dei Venezia, o Teatro Verdi dei Trieste, o Rossini Opera Festival dei Pesaro, l'Aula Magna dell'Università La Sapienza de Roma, o St. John's College de Cambridge en Gran Bretaña, e escollos escenarios en Suíza, Alemaña, Austria, Francia, Suecia, Finlandia, Arxentina, Chile, Colombia, China, USA, Australia e EEUU.

Algúns dos seus recentes éxitos inclúen unha xira con concertos de Mozart xunto á Amadeus Kammerorchester do Mozarteum de Salzburgo e a Orquestra I Filarmonici Europei ou o seu debut en España xunto á Filarmónica de Málaga e en Bratislava coa Filarmónica Slovaca con Aldo Ceccato.

Fundou con Quirino Príncipe o dúo Alexander Quirini e Quirino Alessandri, creando programas monográficos de Rossini, Chopin e outros grandes compositores. Levou a cabo a realización de máis dun centenar de concertos con gran éxito no mundo virtual de Second Life.

Colabora co músico de jazz e compositor Sandro Cerino, con quen gravou o disco Fronteras de Exeo. Tamén gravou os Peccati dei vecchiaia, de Rossini (13 CD), o Gradus ad Parnassum de Clementi (4 CD), Via Crucis de Liszt, os Concertos para piano e orquestra e as obras por cello e piano (con Enrico Dindo) de Castelnuovo-Tedesco (Naxos). Alessandro inventou o Chromoconcierto, un proxecto especial de música e cor. Gañou o prestixioso Premio da Crítica Italiana "F. Abbiati" e o International Classical Music Awards (ICMA), é director artístico de Forte Fortissimo TV e de Almo Collegio Borromeo in Pavia (Italia).



# Mattia Marelli

---

## armónium

Mattia Marelli comezou os seus estudos de órgano na Escola Diocesana de Música Sacra e Liturxia “Luigi Picchi” de Como. Continuou os seus estudos musicais no Conservatorio de Música “G. Verdi” de Como, onde obtivo, con matrícula de honra, un Diploma Académico de Primeiro Nivel en Órgano baixo a dirección de E. Viccardi e un Diploma Académico de Segundo Nivel en Clavicémbalo con G. Togni. Posteriormente profunda os seus estudos de música antiga na Civica Scuola dei Musica ‘C. Abbado’ de Milán, obtendo o Diploma de Órgano baixo a dirección de Lorenzo Ghielmi. Colabora regularmente como organista e clavecinista con diversos grupos vocais e instrumentais e actualmente é organista do Coro “Santa Maria dei Miracoli” de Morbio Inferiore (CH) e da Parroquia “San Tommaso” de Civiglio (I).



DIOCESE  
DE LUGO



Lucense  
Eucharisticum  
Centrum